

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

INSTITUTO ENERXÉTICO DE GALICIA

RESOLUCIÓN do 23 de xullo de 2018 pola que se redistribúen e se minoran os créditos orzamentarios por epígrafes recollidas na Resolución do 26 de decembro de 2017 pola que se aproban as bases reguladoras das subvencións para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de enerxías renovables destinadas a particulares e cofinanciadas parcialmente co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, se anuncia a convocatoria anticipada para o ano 2018 e se procede á selección das entidades colaboradoras que participarán na xestión destas subvencións.

1. Mediante a Resolución do 26 de decembro de 2017 desta dirección referida no encauzamento, publicada no *Diario Oficial de Galicia* núm. 21, do 30 de xaneiro de 2018, acordouse a aprobación das bases reguladoras xunto coa convocatoria de subvencións, cuxo procedemento administrativo de concesión se tramitará en réxime de concorrencia competitiva, para a creación, mellora e ampliación de pequenas infraestruturas para proxectos de enerxías renovables, destinadas a particulares, para o ano 2018.

Tal e como consta na parte expositiva da citada resolución, o financiamento desta convocatoria faise con cargo aos orzamentos do Instituto Enerxético de Galicia para o ano 2018 e sendo a procedencia dos fondos de diversa natureza: Fondos da Comunidade Autónoma, fondos comunitarios derivados do programa operativo Feader Galicia 2014-2020 e fondos dos orzamentos xerais do Estado.

O artigo 2.1 das bases reguladoras relativo ao financiamento prevé unha dotación inicial de 6.220.000 euros e no parágrafo segundo dese mesmo artigo establécese a posibilidade de ampliar o crédito coa condición dunha maior dispoñibilidade derivada dalgunha das circunstancias previstas no artigo 30. 2 do Decreto 11/2009, logo da aprobación da modificación orzamentaria que proceda.

Polo anteriormente exposto, esta dirección

RESOLVE:

Primeiro. Minorar a dotación de fondos inicialmente prevista nesta convocatoria na contía de 1.432.000 euros, polo que o importe total asignado para estas axudas tras esta modificación ascende a 4.788.000 euros.



Segundo. Unha vez minorados os fondos, estes distribúense do seguinte xeito:

MEDIDA 7.2 Creación, mellora e expansión de infraestruturas a pequena escala, incluíndo enerxía renovable e aforro enerxético	Aplicación orzamentaria	Dotación orzamentaria		
		Importe inicial	Modificación	Importe final
Biomasa (tipoloxía B2-B3, en zonas non densamente poboadas)	09.A2.733A.780.1	1.840.000,00 €	-818.000,00 €	1.022.000,00 €
Total		1.840.000,00 €	-818.000,00 €	1.022.000,00 €

	Aplicación orzamentaria	Dotación orzamentaria		
		Importe inicial	Modificación	Importe final
Biomasa (excluída a tipoloxía B2-B3, en zonas non densamente poboadas)	09.A2.733A.780.1	3.580.000,00 €	-2.158.000,00 €	1.422.000,00 €
Xeotermia	09.A2.733A.780.2	500.000,00 €	37.000,00 €	537.000,00 €
Aerotermia e solar	09.A2.733A.780.3	300.000,00 €	1.507.000,00 €	1.807.000,00 €
Total		4.380.000,00 €	-614.000,00 €	3.766.000,00 €

Santiago de Compostela, 23 de xullo de 2018

Ángel Bernardo Tahoces
Director do Instituto Enerxético de Galicia

